

CLIMA Adega advirte nun informe da perda de fertilidade do solo, a diminución dos recursos hídricos e o maior risco de incendios en Galicia

O quecemento xa está aquí

O catedrático Díaz-Fierros di que poderían desaparecer enclaves como as serras e certas especies de algas

V. O. · Santiago

É un feito. O quecemento global debido ás emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera está a provocar en Galicia unha serie de transformacións a medio prazo que xa se poden comprobar. Entre elas, Adega sinala a perda de fertilidade dos solos, a diminución nun 30 ou 35% dos recursos hídricos, a perda xeralizada das condicións produtivas, o maior risco de incendios forestais, os impactos negativos na saúde ou a diminución da produtividade nas rías galegas.

Fonte ás "declaracións irresponsábeis dalgúns políticos que confunden o clima co tempo ou a mercantilización do fenómeno", a asociación ecoloxista Adega acaba de facer público un informe do catedrático de Edafoloxía na Universidade de Santiago, Francisco Díaz-Fierros, sobre os efectos do cambio climático en Galicia que, ao ver do colectivo, "xa está aquí e está mudando as nosas vidas".

No informe do vilagarcían Díaz-Fierros, a diminución nun 30 ou 35 por cento dos recursos hídricos deixárase sentir no regadío dos prados e no abastecemento das augas. A isto engádesse o perigo de que desaparezan "enclaves xeolóxicos singulares" como as serras ou as calizas.

Perigan os fondos do océano Atlántico dende os anos 80

O incremento da temperatura das augas mariñas, que se constata dende os anos 80 especialmente no océano Atlántico, notárase nas comunidades dos fondos. De feito, Díaz-Fierros advirte de que para o 2050 poderían desaparecer determinadas especies de oucas (un tipo de algas).

As perdas entre o 20 e 30 por cento de materia orgánica produciría un aumento da sensibilidade á erosión nos solos e a perda xeralizada das condicións produtivas.

Malia que á presenza de CO₂ na atmosfera podería incidir, ao ver do catedrático de Edafoloxía, nun incremento da produtividade forestal nos seguintes 50 anos, esta situación aumentaría o risco de incendios forestais nun 30 por cento no 2050.

"O cambio climático xa o temos aí e os seus efectos xa os podemos ir desvelando", indica Díaz-Fierros que deixa claras as dificultades na percepción da sociedade destes efectos xa que só se poden expresar "dun xeito probabilístico". ●



▲ Serra do Courel é un enclave xeolóxico que podería perigar de se reducir os recursos hídricos

A MASIVA URBANIZACIÓN E AS MACROPISCIFATORÍAS, CONTRA O LITORAL

A "mediterrización" fai perigar as rías

Adega advirte dunha progresiva "mediterrización" de Galicia, con veráns máis cálidos, invernos máis fríos, un descenso de precipitacións con épocas de secas e fortes inundacións. Esta situación provocaría un deterioro ambiental que afectaría incluso á composición e temperatura das augas. É por iso que o litoral é unha das zonas que corre maior perigo no país, xa que se vería ameazada directamente a produtividade das rías, unha riqueza que

dá traballo en Galicia a milleiros de mariñeiros e mariscadores. A masiva urbanización e os tres millóns de metros cadrados de costa que ocuparían as macropiscifatorías que se queren instalar tamén prexudicarían negativamente á saúde do litoral galego.

Onte celebrouse en Granada un seminario sobre os 'Efectos do Cambio Climático na Conca do Mediterráneo'. O investigador da Cátedra Euroárabe de Medio Ambiente e

profesor da Universidade de Almería, El Hassan Belarbi, dixo que o Mediterráneo sería máis susceptible dun cambio das temperaturas por ser menos profundo que outros. O cambio climático, ao seu xuízo, dificultaría a floración dalgúns algas mentres que unha evaporación do mar e unha falta de choivas faría aumentar o nivel de salinidade das augas. Situacións que serían cada vez máis frecuentes en Galicia de se "mediterrizar" o seu clima.

EFECTOS XERAIS

Menos choivas e máis calor no verán

Segundo as predicións elaboradas para o período 2070-2100, as temperaturas aumentarían en Galicia entre 2,4 e 5,2 graos no verán á vez que tamén diminuirían as precipitacións entre 40 ou 80 mm.

"Dispárase" a mortalidade

O aumento das temperaturas medias deixárase sentir na saúde dos galegos. De feito, aqueles días nos que se superen os 30 graos porían en perigo a vida das persoas e incluso chegarían a "disparar" a mortalidade diaria.

Maior gasto enerxético

O uso do aire acondicionado dispararía o gasto enerxético en Galicia onde a emisión de CO₂ procedente das térmicas de carbón está por riba da media estatal e superan ás dos países da UE que máis contaminan

NO ÁRTICO

■ Os hidratos de gas provocan catástrofes

Os tsunamis aumentarán se non se detén o cambio climático

Un equipo de investigadores liderado pola Universitat de Barcelona (UB) viaxou este verán ó Ártico para estudar por primeira vez os deslizamentos submarinos nesta zona e, segundo as súas conclusións, se o cambio climático evoluciona como no pasado, aumentarán catástrofes naturais como os tsunamis.

A investigación científica tivo lugar entre xullo e agosto nas illas Svalbard, no terreo glacial de Storfjorden (Noruega), unha área pouco coñecida e dominada no pasado por grandes correntes de xeo. A bordo do buque Bio Hespérides da Armada española, cartografiaron máis de 8.600 quilómetros de fondo mariño e extraeron 31 metros de sedimentos oceánicos.

O obxectivo da viaxe era reconstruír os cambios naturais do subsolo mariño nos últimos tres millóns de anos. Segundo os indicadores de temperatura, hai 50 millóns de anos non había xeo no planeta, pero un progresivo arrefriado fixo que xurdiran os glaciares. O responsable da expedición Svais, o doutor Angelo Camerlenghi, do departamento de Estratigrafía, Paleontoloxía e Xeociencias Mariñas da UB, destacou que é a primeira vez que se investigan os deslizamentos do fondo mariño de Storfjorden, que son causados polos hidratos de gas que conteñen moléculas de auga e gases. Expáñdense polo efecto do gas e son un dos desencadenamentos de catástrofes como os tsunamis. ● E.P.

EMISIÓNS

■ Reduciría á metade o CO₂

Os avións poderían usar biocombustibles en 5 ou 10 anos

O uso de biocombustibles na aviación comercial podería ser viable de cinco a dez anos e a súa utilización axudaría a reducir un 50 por cento as emisións de CO₂, principais responsables do cambio climático, no transporte aéreo que é responsable do 1,5 por cento das emisións de CO₂ dos Estados membros da UE. ● EFE